



Hidrográfica (Plaza España, 2-3º Oviedo), a las 12:00 horas del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

Del pago de este anuncio responde el peticionario.

Oviedo, 23 de mayo de 2006. El jefe de Área.

Fdo: Luís Gil García.

R. 2.534

IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Beariz

Anuncio

Unha vez elevado a definitivo, por non presentaren reclamacións, o acordo plenario adoptado na sesión que tivo lugar o día 27 de xaneiro de 2006, de aprobación provisional do expediente da Ordenanza sobre limpeza de terreos e soares e de protección contra incendios forestais, que se transcribe a continuación, faise público en cumprimento co disposto no artigo 17.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Ordenanza municipal de limpeza de terreos e soares e de protección contra incendios forestais.

Exposición de motivos:

Por medio desta ordenanza non fiscal, e de conformidade coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora do réxime local, co Código civil e con calquera outra normativa de pertinente aplicación, o Concello de Beariz propónse regular as actividades e comportamentos relativos ó medio ambiente, co obxecto de conseguirlas axeitadas condicións de limpeza de maleza nos terreos e predios para evita-lo risco de incendios.

Esta ordenanza é de obrigado cumprimento para tódalas persoas, tanto físicas como xurídicas, que teñan os seus terreos e soares dentro do termo municipal do Concello de Beariz.

Artigo 1º.- Limpeza de terreos e soares:

1. A limpeza dos terreos e soares, tanto de propiedade privada como das administracións públicas ou dos seus organismos autónomos, que se atopen dentro do termo municipal de Beariz correspóndelle ó seu propietario ou usufrutuário.

2. Os propietarios ou usufrutuários dos terreos e soares que se atopen no perímetro dos 100 metros contados dende a última construción de cada núcleo de poboación deberán mantelos rozados e limpos na súa totalidade, e deberán facelo coa periodicidade na que sexa necesaria a súa limpeza, ou ben que se aprecie que a maleza existente ten risco de incendio, tanto para as vivendas como para a masa forestal.

3. Igualmente, os propietarios ou usufrutuários dos terreos e soares antes mencionados deberán proceder á súa desinfección e desratización periódica.

Artigo 2º.- Xestión e inspección:

O Concello de Beariz, a través da Alcaldía ou do concelleiro en quen delegue, xestionará o cumprimento das actividades e obrigas reguladas e establecidas nesta ordenanza, impondo ou propondo a imposición, segundo os casos, das sancións que procedan, segundo o establecido nos artigos seguintes:

Artigo 3º.- Imposición de sancións:

1. As sancións polas infraccións tipificadas nesta ordenanza son competencia do Sr. alcalde, o cal poderá impoñelas de oficio ou a instancia do concelleiro no que delegara a xestión e inspección, segundo o previsto no artigo anterior.

2. Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar diante do Concello as infraccións desta ordenanza en relación coa materia a que esta se refire.

3. As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas nesta ordenanza serán esixibles non só polos actos propios senón tamén polos daquelas persoas de quen se deba responder.

Artigo 4º.- Consideracións das infraccións:

1. Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias ás que se refire esta ordenanza, os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido.

2. As infraccións clasifícanse como leves, graves e moi graves, conforme se establece nos artigos seguintes.

Artigo 5º.- Infraccións leves:

1. Non proceder á roza e limpeza periódica dos terreos e soares unha vez notificada a obriga desta e transcorrido o prazo que se sinala.

2. Non proceder á desinfección e desratización periódica dos terreos e soares, unha vez notificada a obriga desta e transcorrido o prazo que se sinala.

3. En xeral, o incumprimento dos requisitos, obrigas e prohibicións establecidos nesta ordenanza e que non estean recollidos como graves ou moi graves.

Artigo 6º.- Infraccións graves:

1. A reincidencia nas infraccións leves.

2. Non proceder á roza e limpeza dos terreos e soares cando se aprecie que a maleza existente ten risco de incendio, tanto para as vivendas como para a masa forestal, unha vez notificada a obriga esta e transcorrido o prazo que se sinala.

3. Non permiti-lo acceso ó persoal autorizado do Concello, no caso de comprobación dunha denuncia.

4. En xeral, todas aquelas non cualificadas expresamente como leves ou moi graves.

Artigo 7º.- Infraccións moi graves:

Consideraranse infraccións moi graves aquelas graves nas que concorran, ademais, algunha ou varias das seguintes circunstancias:

a) A reincidencia nas infraccións graves.

b) Malicia ou intencionalidade.

c) Irreversibilidade do dano causado.

d) Grave repercusión nos recursos naturais ou deterioro destes.

e) Calquera outra circunstancia de especial gravidade que quede acreditada no expediente sancionador que deberá tramitarse para o efecto e que xustifique esta cualificación.

Artigo 8º.- Sancións:

1. Sen prexuízo de esixir, cando proceda, as responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes, as sancións polas infraccións dos preceptos desta ordenanza en materia de limpeza de terreos e soares e de protección contra incendios forestais no Concello de Beariz serán as seguintes:

a) Infraccións leves: multa dende 100,00 ata 750,00 euros.

b) Infraccións graves: multa dende 751,00 ata 1.500,00 euros.

c) Infraccións moi graves: multa dende 1.501,00 ata 3.000,00 euros.

2. Nos supostos de non cumprir con estas obrigas ou na reincidencia de calquera das infraccións moi graves, o Concello de Beariz poderá proceder a adoptar as medidas protectoras e correctoras que considere oportunas, incluso propo-la adopción de medidas excepcionais por parte doutras administracións públicas, así como poder subrogarse nas obrigas dos propietarios e usufrutuários, pasándolle-los custos ó seu cargo.

Artigo 9º.- Determinación da contía das sancións:

1. Para determina-la contía das sancións atenderase ás circunstancias concurrentes nos feitos que as motivaron, tales como a natureza da infracción, grao de intencionalidade e/ou



reincidencia, así como aqueles factores que se poidan considerar atenuantes ou agravantes.

2. Será considerado reincidente quen incorrera en infraccións das previstas na presente ordenanza e sobre as que xa recaera unha resolución sancionadora.

Artigo 10º.- Procedemento de constrinximento:

1. As sancións notificadas e non satisfeitas en prazo faranse efectivas pola vía de constrinximento, de acordo coas normas do Regulamento xeral de recadación, producindo, igualmente, a recarga de constrinximento e, de se-lo caso, intereses de demora.

2. Da garantía do pagamento das sancións, así como das recargas, intereses e gastos que puideran impoñerse ou producirse, de se-lo caso, responderán, principalmente, os terreos e soares obxecto das infraccións.

Artigo 11º.- Responsabilidades dos infractores:

1. A imposición dunha sanción por infracción do previsto na presente ordenanza non eximirá ó infractor do cumprimento das súas obrigas nin o exonerará doutras responsabilidades de carácter civil ou penal en que puidera incurrir coa súa conduta, podendo dar lugar á tramitación de diferentes expedientes, tanto administrativos como ante outras xurisdicións, e á adopción de distintas medidas, incluso de emerxencia, de excepción ou de subrogación, segundo proceda, pola reiteración continuada das infraccións.

2. O establecido nesta ordenanza enténdese sen prexuízo das actuacións que correspondan a outros organismos da administración dentro das súas respectivas competencias ou dos procedementos que se puideran interpoñer ante as distintas xurisdicións.

Artigo 12º.- Declaración de urxencia:

Atendendo á natureza e gravidade das materias reguladas nesta ordenanza, declárase de urxencia a tramitación de calquera expediente tanto de inspección e vixilancia como sancionador en tódolos seus trámites, incluídos os de información pública, de se-lo caso, e audiencia dos interesados.

Disposición final:

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Beariz, 19 de maio de 2006. O alcalde.

Anuncio

Una vez elevado a definitivo, por no presentarse reclamacións, el acuerdo plenario adoptado en la sesión que tuvo lugar el día 27 de enero de 2006, de aprobación provisional del expediente de la Ordenanza sobre limpieza de terrenos y solares y de protección contra incendios forestales, que se transcribe a continuación, se hace público en cumplimiento con lo dispuesto en el artículo 17.4 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, reguladora de las haciendas locales.

Ordenanza municipal de limpieza de terrenos y solares y de protección contra incendios forestales.

Exposición de motivos:

Por medio de la presente ordenanza no fiscal, y de conformidad con la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora del régimen local, con el Código civil y con cualquier otra normativa de pertinente aplicación, el Ayuntamiento de Beariz propone regular las actividades y comportamientos relativos al medio ambiente, con el objeto de conseguir las adecuadas condiciones de limpieza de maleza en los terrenos y predios para evitar los riesgos de incendios.

La presente ordenanza es de obligado cumplimiento para todas las personas, tanto físicas como jurídicas, que tengan sus

terrenos y solares dentro del término municipal del Ayuntamiento de Beariz.

Artículo 1º. Limpieza de terrenos y solares:

1. La limpieza de los terrenos y solares, tanto de propiedad privada como de las administraciones públicas o de sus organismos autónomos, que se encuentren dentro del término municipal de Beariz le corresponde a su propietario o usufructuario.

2. Los propietarios o usufructuarios de los terrenos y solares que se encuentren en el perímetro de los 100 metros contados desde la última construcción de cada núcleo de población deberán mantenerlos rozados y limpios en su totalidad, y deberán hacerlo con periodicidad en la que sea necesaria su limpieza, o bien que se aprecie que la maleza existente tiene riesgo de incendio, tanto para las viviendas como para la masa forestal.

3. Igualmente, los propietarios o usufructuarios de los terrenos y solares antes mencionados deberán proceder a su desinfección y desratización periódica.

Artículo 2º.- Gestión e inspección:

El Ayuntamiento de Beariz, a través de la Alcaldía o del concejal en quien delegue, gestionará el cumplimiento de las actividades y obligaciones reguladas y establecidas en la presente ordenanza, imponiendo o proponiendo la imposición, según los casos, de las sanciones que procedan, según lo establecido en los artículos siguientes:

Artículo 3º.- Imposición de sanciones:

1. Las sanciones por las infracciones tipificadas en esta ordenanza son competencia del Sr. alcalde, el cual podrá imponerlas de oficio o a instancia del concejal en el que hubiese delegado la gestión e inspección, según lo previsto en el artículo anterior.

2. Toda persona natural o jurídica podrá denunciar ante el Ayuntamiento las infracciones de la presente ordenanza en relación con la materia a que esta se refiere.

3. Las responsabilidades derivadas del incumplimiento de las obligaciones señaladas en esta ordenanza serán exigibles no sólo por los actos propios sino también por los de aquellas personas de quien se deba responder.

Artículo 4º.- Consideraciones de las infracciones:

1. Se consideran infracciones administrativas en relación con las materias a las que se refiere esta ordenanza, los actos u omisiones que contravengan lo establecido en las normas que integran su contenido.

2. Las infracciones se clasifican como leves, graves y muy graves, conforme se establece en los artículos siguientes.

Artículo 5º.- Infracciones leves:

1. No proceder a la roza y limpieza periódica de los terrenos y solares, una vez notificada la obligación de ésta y transcurrido el plazo que se señale.

2. No proceder a la desinfección y desratización periódica de los terrenos y solares, una vez notificada la obligación de ésta y transcurrido el plazo que se señale.

3. En general, el incumplimiento de los requisitos, obligaciones y prohibiciones establecidos en esta ordenanza y que no están recogidos como graves o muy graves.

Artículo 6º.- Infracciones graves:

1. La reincidencia en las infracciones leves.

2. No proceder a la roza y limpieza de los terrenos y solares cuando se aprecie que la maleza existente tiene riesgo de incendio, tanto para las viviendas como para la masa forestal, una vez notificada la obligación de ésta y transcurrido el plazo que se señale.

3. No permitir el acceso al personal autorizado del Ayuntamiento, en el caso de comprobación de una denuncia.



4. En general, todas aquellas no cualificadas expresamente como leves o muy graves.

Artículo 7º.- Infracciones muy graves:

Se considerarán infracciones muy graves aquellas graves en las que concurren, además, alguna o varias de las siguientes circunstancias:

- a) La reincidencia en las infracciones graves.
- b) Malicia o intencionalidad.
- c) Irreversibilidad del daño causado.
- d) Grave repercusión en los recursos naturales o deterioro de éstos.
- e) Cualquier otra circunstancia de especial gravedad que quede acreditada en el expediente sancionador que deberá tramitarse al efecto y que justifique esta calificación.

Artículo 8º.- Sanciones:

1. Sin perjuicio de exigir, cuando proceda, las responsabilidades de carácter penal o civil correspondientes, las sanciones por las infracciones de los preceptos de la presente ordenanza en materia de limpieza de terrenos y solares y de protección contra incendios forestales en el Ayuntamiento de Beariz serán las siguientes:

- a) Infracciones leves: multa desde 100,00 hasta 750,00 euros.
- b) Infracciones graves: multa desde 751,00 hasta 1.500,00 euros.
- c) Infracciones muy graves: multa desde 1.501,00 hasta 3.000,00 euros.

2. En los supuestos de no cumplir con estas obligaciones o en la reincidencia de cualquiera de las infracciones muy graves, el Ayuntamiento de Beariz podrá proceder a adoptar las medidas protectoras y correctoras que considere oportunas, incluso proponer la adopción de medidas excepcionales por parte de otras administraciones públicas, así como poder subrogarse en las obligaciones de los propietarios y usufructuarios, pasándoles las costas a su cargo.

Artículo 9º.- Determinación de la cuantía de las sanciones:

1. Para determinar la cuantía de las sanciones se atenderá a las circunstancias concurrentes en los hechos que las motivaron, tales como la naturaleza de la infracción, grado de intencionalidad y/o reincidencia, así como aquellos factores que se puedan considerar atenuantes o agravantes.

2. Será considerado reincidente quien hubiera incurrido en infracciones de las previstas en la presente ordenanza y sobre las que recaerá una resolución sancionadora.

Artículo 10º.- Procedimiento de apremio:

1. Las sanciones notificadas y no satisfechas en el plazo se harán efectivas por la vía de apremio, de acuerdo con las normas del Reglamento general de recaudación, devengando, igualmente, el recargo de apremio y, en su caso, intereses de demora.

2. De la garantía del pago de las sanciones, así como de los recargos, intereses y gastos que pudieran imponerse o devengarse, en su caso, responderán, principalmente, los terrenos y solares objeto de las infracciones.

Artículo 11º.- Responsabilidades de los infractores:

1. La imposición de una sanción por infracción de lo previsto en la presente ordenanza no eximirá al infractor del cumplimiento de sus obligaciones ni exonerará de otras responsabilidades de carácter civil o penal en que pudiera incurrir con su conducta, pudiendo dar lugar a la tramitación de diferentes expedientes, tanto administrativos como ante otras jurisdicciones, y la adopción de distintas medidas, incluso de emergencia, de excepción o de subrogación, según proceda, por la reiteración continuada de las infracciones.

2. Lo establecido en la presente ordenanza se entiende sin perjuicio de las actuaciones que correspondan a otros organismos de la administración dentro de sus respectivas competencias o de los procedimientos que se pudieran interponer ante las distintas jurisdicciones.

Artículo 12º.- Declaración de urgencia:

Atendiendo a la naturaleza y gravedad de las materias reguladas en la presente ordenanza, se declara de urgencia la tramitación de cualquier expediente tanto de inspección y vigilancia como sancionador en todos sus trámites, incluidos los de información pública, en su caso, y audiencia de los interesados.

Disposición final:

La presente ordenanza entrará en vigor una vez publicado su texto íntegro en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense. Beariz, 19 de mayo de 2006. O alcalde.

R. 2.657

O Bolo

Anuncio

Unha vez aprobado provisionalmente o orzamento xeral do Concello para o ano 2006, na sesión do Pleno do 15 de xuño de 2006, ábrese un período de información pública por 15 días, contados dende a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, coa finalidade de que os interesados poidan examinalo expediente completo na secretaría do concello e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

O Bolo, 15 de xuño de 2006. O alcalde.

Anuncio

Una vez aprobado provisionalmente el presupuesto general del Ayuntamiento para el año 2006, en sesión del Pleno de 15 de junio de 2006, se abre un período de información pública por 15 días, contados desde la publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, con la finalidad de que los interesados puedan examinar el expediente completo en la secretaría del ayuntamiento y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.

O Bolo, 15 de junio de 2006. El alcalde.

R. 2.937

Calvos de Randín

Anuncio de cobro de impuestos/taxas

O Concello de Calvos de Randín aprobou as listas cobratorias correspondentes ós seguintes tributos:

- Imposto vehículos tracción mecánica (IVTM) do exercicio 2006.
- Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e características especiais 2006.
- Imposto sobre bens inmobles de natureza rústica 2006.
- Taxa polo servizo de recollida de lixo 2006.

A partir da publicación do presente anuncio ábrese un prazo de información no cal as listas correspondentes a estes tributos estarán a disposición dos interesados na oficina do concello durante o prazo dun mes.

O período de cobro para estes tributos fíxase dende o día 14 de xuño de 2006 ata o vindeiro 21 de agosto de 2006.

Forma de pagamento: tódolos recibos que non estean domiciliados en contas bancarias serán enviados por correo ós domicilios dos contribuíntes para que estes poidan facelos efectivos nas oficinas bancarias indicadas nel. No caso de non recibilos